



ACTIVIDADE:

Teatriños para títeres estables e plegables

Teatriños, hai quén dí que son o amparo e refuxio dos titereros, hai quén non os precisa e argumenta que si o boneco ten vida o titerero desaparece os ollos do público, hai a quén lle gustan tanto que casi fanse máis importantes que a representación, hai quén con catro cousas fai un universo...o que si que é certo é que os teatriños naceron xusto despois dos títeres e que na maioría dos casos son decisivos e fundamentais para a representación. Desde o Taller dos Títeres no Barrio dos muiños propoñemos para o longo estas das xornadas europeas da artesanía centarnos no como e porqué dos teatriños. Ver distintos xeitos de afrontar a súa construción. Reconocer as necesidades e deixar moi claros os condicionantes a según a técnica que se elixapara pepresentar. Os teatriños sempre teñen a lo menos dúas caras, a que todo o mundo ve e a que lle toca o que está dentro. Entre medias hai centos de pequenos detalles, miles de formas de entender, milleiros de sensacións e non sei cantas outras cousas máis que vamos descubrir nestas xornadas.

Sector

Escenografía e cartelismo. Carta nº 10022 válida hasta 30/05/2022. Taller Artesán nº11136

Descripción da actividade

3 días nos que se repasarán 3 técnicas de representación distintas para mostrar unha aproximación real dos elementos físicos que interveñen nunha representación

Cada sesión de 2 h de duración estará dividida en 3 partes de 30 min aprox nas que se tratará 3 cuestións básicas para poder realizar unha representación ou espectáculo de obxectos animados:

- Técnica de manipulación en función das calidades do obxecto para manipular
- Condicións do teatrillo, elementos básicos na construción, ergonomía e dimensións
- Estética e coherencia entre obxectos e espazo escénico

Ao finalizar estas 3 partes realizábase unha demostración para os asistentes ao obradoiro que tamén será retransmitida en liña en streaming como exemplo do exposto con anterioridade.

Modalidade

Híbrida. unha parte presencial no taller dos monicreques e conexións en liña en streaming